

DAVID LYNCH: THE ART LIFE

[Rick Barnes, Jon Nguyen, Olivia Neergaard-Holm, 2016]

216

ESTREA EN NUMAX: 31.03.2017 | V.O.S.E. | +7

David Lynch: The Art Life (2016, 83')

Dirección: Rick Barnes, Jon Nguyen, Olivia Neergaard-Holm

Participación: David Lynch

Son: Philip Nicolai Flindt

Montaxe: Olivia Neergaard-Holm

Fotografía: Jason S.

Música: Jonatan Bengta

Produtora: Duck Diver Films, Hideout Films,

Kong Gulerod Film (Estados Unidos)

Distribuidora: Vértigo

Formato de proxección: DCP 2K, 1.78:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

London Film Festival 2016

(Sección Grierson), Venecia 2016
(nomeado ao mellor documental)

SINOPSE

Viaxe íntima a través da traxectoria do emblemático cineasta David Lynch desde os seus anos de formación nun pequeno pobo até a súa vida nas escuras rúas de Filadelfia. O documental mostra con detalle a aprendizaxe do director e as claves do seu enigmático estilo cinematográfico para enxergar a figura do home e do artista.

Un filme que cativará os fans do director e quen sabe se inspirará a novos creadores orixinais cunha historia de iniciación artística, contada nas súas propias palabras.

Deborah Young, THE HOLLYWOOD REPORTER



DAVID LYNCH: THE ART LIFE

[Rick Barnes, Jon Nguyen, Olivia Neergaard-Holm, 2016]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Pódese dicir que Lynch leva a arte á súa vida”

Entrevista a Jon Nguyen

Por Hannah Ewens

En 2006, David Lynch era remiso a facer entrevistas. Como lle fixestes mudar de opinión? Lembro que nun inicio tentamos facerlle unha chea de preguntas mais podíase ver pola súa linguaxe corporal que non se atopaba a gusto nin con ganas de responder. Logo díxonos algo así como, «xa saberedes de que vai o filme cando remate de gravalo». Aí decatámonos de que sempre ía haber certas reservas pola súa parte. Daquela o seu amigo Jason díxonos, «coido que David está aproximándose a unha idade na que probablemente estará máis interesado en compartir estas historias. Vide dentro dun par de anos e miramos como está a cousa». Cando tivo a súa filla, que ten agora tres anos e medio ou catro, fómolslle co conto de que podía ser unha oportunidade de transmitirle á súa filla as historias da súa infancia e pareceulle unha grande idea.

Acceder á intimidade de Lynch é moi complicado. Vós estivestes literalmente canda el no seu santuario persoal coa súa filla gateando ao redor. David é unha persoa moi reservada, con amigos moi achegados e realmente creo

que se non fose porque Jason nos botou unha man, non tería sido posíbel. O que non se pode facer é atopar a David pola rúa e esperar que se vaia abrir a unha proposta coma esta. Ademais non é persoa máis doada do mundo para facer entrevistas pois sempre levar o curso da conversa. As entrevistas tiñan lugar nas fines de semana e fixemos unhas 25 ao longo de tres anos. Jason vivía preto de David co que moitas veces collía o teléfono e dicíanos, «hei, agora ten unha hora libre, por que non vides?», íamos, sentabamos, Jason colocaba o micro e era como se falase cun vello amigo.

Resulta sorprendente o solitaria que é a súa vida como artista. Nalgúns treitos do filme vémolos escribindo porque estaba co guión de *Twin Peaks II* [2017]. Pero a maioría do tempo estaba no seu estudio a pintar. Cando xuntei todo o material gravado pensei, «vaia, case todo o que teño é David pintando». Jason tennos dito que o máis habitual é velo pintando, desde que se ergue até que vai para a cama á noite. Nin sequera fai o seu propio café, agás nas fins de semana. Unha vez suxerínlle se podía gravar a David regando as plantas ou algo así pero el negouse a ser gravado facendo cousas que realmente non estaban no seu día a día. Tampouco actuou nunca para a cámara, limitouse a desenvolver a súa vida cotiá que apenas mudou desde que era pequeno: traballar e traballar no seu estudio. Iso é todo o que el fai, é un artista extremo. Pódese dicir que leva a arte á súa vida.

No filme Lynch conta unha chea de anécdotas estrañas sobre a súa infancia como cando relata que estaba unha tarde a xogar na rúa e se lle achegou unha muller espida. Parece sacado dun filme seu. Cando oín esa historia recordo a outra de *Terciopelo azul* [1986]. E cando conta que foi ver a Bob Dylan e que quedaba moi pequeno no escenario, lembroume ás parellas de vellos de *Mulholland Drive* [2001]. Moitos dos seus traballos artísticos incorporan unha radio e no filme conta que a primeira vez que foi ao colexio, ao volver a casa foi ao seu cuarto e ficou dúas semanas a escoitar a radio sen parar até que se lle esgotaron as pilas. Esa historia impactoume.

Finalmente gostou do filme? Gostou, si. A cuestión é que nós construímos o filme a partir dos elementos que el nos deu. Deunos acceso aos álbums familiares e todas as súas pinturas, e puidemos percorrer o seu estudio de pintura e a súa casa. Non engadimos entrevistas de terceiras persoas nin metimos insertos dos seus filmes. Mesmo foi el o encargado de escoller o nome. O filme é puro David Lynch.

Publicado en www.vice.com/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Atrapa el pez dorado, David Lynch. Random House, 2014

David Lynch, el hombre de otro lugar, Lim Dennis.

Alpha Decay, 2017

Pesadilla americana. El cine de David Lynch, Pablo Suárez. Cuarto Menguante, 2015

David Lynch. El onirismo de la modernidad, Javier González Memba. JC Clementine, 2017

La historia secreta de Twin Peaks, Mark Frost. Planeta, 2016

Twin Peaks (caja dorada edición definitiva), David Lynch. Paramount [DVD]

David Lynch, Michel Chion. Paidós, 2003

Eraser Head Recordings, David Lynch [CD]

Good Day Today / I know, David Lynch [CD]

Carretera perdida, David Lynch. Avalon [BluRay]

Corazón salvaje, David Lynch. Universal [DVD & BluRay]

Dune, David Lynch. Feel Films [DVD & BluRay]

El hombre elefante, David Lynch. Universal [DVD]

Inland Empire, David Lynch. Vertigo [BluRay]

Cabeza borradora, David Lynch. Avalon [BluRay]

Terciopelo azul, David Lynch. Fox [BluRay]

